



Premio Abrente para textos teatrais

Coa intención de incentivar a creatividade no ámbito do teatro, por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social, e en lembranza dos Premios Concurso-Abrente, o Concello de Ribadavia convoca o 3º Premio Abrente para Textos Teatrais 2008, de acordo coas seguintes bases:

Primeira. REQUISITOS.

Poderán optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega normativa.

Segunda. PREMIOS

Establécese un premio único e indivisible, dotado con 3.000 euros.

O Concello publicará a obra premiada, reservándose durante un prazo de doce meses os dereitos de editala e de representala, e entregará ao gañador 25 exemplares.

O Concello poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e representación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor.

Terceira. PRESENTACIÓN E ORIXINAIS

As obras serán de tema e extensión libre, e presentaranse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados.

Os orixinais presentaranse baixo o título e un lema, achegados de plica na que conste o título e o lema no seu exterior e contendo no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono.

Cuarta. PRAZO E LUGAR DE ADMISIÓN

O prazo de admisión de orixinais remata o día 30 de xuño, e deberán enviarse ao seguinte enderezo:

Concello de Ribadavia. Praza Maior, s/n. 32400 Ribadavia (Ourense)

Indicarase no sobre: "3º Premio Abrente para Textos Teatrais 2008"

www.mitribadavia.com

24ª Mostra Internacional de Ribadavia

Do 19 ó 26 de xullo de 2008

mitribadavia@mitribadavia.com





Quinta. XURADO

O xurado presidirao o Alcalde do Concello, e formarán parte del o sr. Concelleiro Presidente da Comisión de Cultura e Educación; o Director da Mostra Internacional de Teatro; e tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito teatral. O nomeamento do xurado farao o sr. Alcalde, e actuará como secretario a persoa elixida por maioría entre os membros integrantes do xurado.

A composición do xurado farase pública con anterioridade á súa reunión, co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Sexta. COMUNITACIÓN DO DITAME

Os participantes terán a obriga de comunicar ao Concello a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, en sesión de ser posible única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. A obra gañadora será escollida entre dúas obras finalistas, sendo a gañadora a que obteña un mínimo de catro votos. O veredicto do xurado será inapelable.

Sendo unha das posibilidades deste concurso a posta en escena da obra premiada, estimaranse positivamente os factores que incidan na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas, etc.

O xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia deste Concello, que é o órgano competente para resolver o premio.

A decisión do xurado terá lugar o día 26 de xullo, e darase a coñecer nos distintos medios de comunicación.

A plica correspondente á obra que resulte finalista poderá ser aberta polo secretario do xurado co fin de que, se o seu autor o permite, poda darse a coñecer o nome do finalista.

Sétima. RETIRADA DE ORIXINAIS NON PREMIADOS.

Os orixinais non premiados poderán ser retirados das oficinas do Concello no prazo de 30 días naturais a partir do seguinte ao da decisión do xurado. Aqueles orixinais que non sexan retirados no prazo indicado pasarán a formar parte dos fondos do Concello.

www.mitribadavia.com

24ª Mostra Internacional de Ribadavia

Do 19 ó 26 de xullo de 2008

mitribadavia@mitribadavia.com





Unha vez utilizados os sobres dos datos persoais para a finalidade descrita serán destruídos sen máis.

Oitava. ACEPTACIÓN DAS BASES.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Ribadavia, 29 de abril de 2008.